


# BO INVESTOR PROGRAM

Formación / Mentorizaxe / Financiamento



ORGANIZA



PROMOVIDO E FINANCIADO



## DESTINATARIOS

**BIO INVESTOR PROGRAM** é unha acción posta en marcha pola Xunta de Galicia a través de Axencia Galega de Innovación (GAIN) en colaboración con BIOGA.

Este programa permitirá aos emprendedores/as e ás empresas máis innovadoras do sector biotecnolóxico galego analizar, completar e mellorar o seu plan de negocio a través de formación específica e mentorizaxe. Isto facilitaralles o acceso á captación de financiamento, fundamentalmente do sector privado, mediante a presentación do seu proxecto ante un conxunto de investidores baixo o esquema networking.

Investigadores e emprendedores de sectores bio




Proxectos emprendedores de universidades galegas



Empresas que queiran consolidar no mercado o seu proxecto bio

## ESTRUTURA

### Buscas financiamento para o teu proxecto?



## EQUIPO DOCENTE E MENTORES

### Eladio Crego

#### Managing Director de EFT Consulting

Licenciado en Ciencias Empresariais pola Universidade de Santiago de Compostela, MBA pola Escola de Negocios NovaCaixa Galicia e Program for Management Development (PMD) por ESADE Business School. Dende 2009 é consultor senior independente, xestor do Fondo de Ciencia da Fundación Barrié (5M€), membro do consello de administración de empresas como Nasasbiotech e Qubiotech, CFO de empresas como Torus Software Solutions e Teimas desenvolvemento, anteriormente, entre 2003 e 2009, foi xerente de inversores en Uninvest SGEGR e Unirisco Galicia SCR, ambas entidades de inversión especializadas en empresas tecnolóxicas, onde xestionou inversión en 11 empresa Biotecnolóxicas por un importe superior aos 10M€. Ao longo da súa traxectoria profesional centrou a súa especialización nos campos do emprendemento, a planificación financeira, a avaliación e negociación de inversións e a valorización e transferencia de tecnoloxías ao mercado.

### Jesús Díaz

#### Consultor senior de Estratega Consulting Global, S.L

Licenciado en Ciencias Empresariais pola Universidade de Santiago de Compostela e MBA en Dirección y Administración de Empresas. Dende 2008 é consultor senior de ESTRATEGA CONSULTING GLOBAL, anteriormente, entre 2006 e 2008, foi analista de inversións en UNIRISCO (Sociedade de Capital Risco especializada na inversión en SpinOffs Universitarios), controller en Pull&Bear (2005-2006) e técnico de emprendemento do Programa Empresa Concepto (2004-2005). Ao longo da súa traxectoria profesional centrou a súa especialización nos campos da planificación da innovación, o emprendemento e os plans de comercialización de tecnoloxías, a valorización tecnolóxica e os procesos de innovación.

### Sandra Rodríguez

#### Directora de Growcom, S.L

Licenciada en Ciencias da Información pola Universidade de Santiago de Compostela. 17 anos de experiencia profesional en comunicación, 10 de eles especializada en proxectos de difusión e divulgación da ciencia e a innovación. Responsable do Programa de Sensibilización Social do Plan Galego de I+D+I entre os anos 2000 e 2003. Entre 2003 e 2007 exerceu como subdirectora da Axencia Galega de Noticias. En 2007 iniciou a súa traxectoria como profesional independente fundando Growcom SL, dende onde desenvolveu proxectos de comunicación para o Parque Tecnolóxico de Galicia, a Axencia Galega de Innovación (Gain), a Real Academia de Ciencias de Galicia (RAGC) e a Fundación Barrié, entre outros, ademais de proxectos europeos.

# BIO INVESTOR ACADEMY

Do 6 de setembro ao 11 outubro

## AVALÍA, COMPLETA E CONSOLIDA O TEU PROXECTO!

### Fase I: Formación e mentorizaxe

Do 6 de setembro ao 4 de outubro



09:00 a 11:15

#### Sesión I: Como financiar o meu proxecto? Plan de busca de financiamento

Estou listo para presentar o meu proxecto ante investidores?

O plan de busca de financiamento

As principais fontes de financiamento

Documentos necesarios: o plan de negocio, resumo executivo, previsións económico-financieiras e a presentación ante investidores

Cando incorporar investidores?

Principais erros dos promotores á hora de buscar financiamento

11:45 a 14:00

#### Sesión II: Canto diñeiro necesito para o meu proxecto? Cando? Cálculo das necesidades financeiras

As previsións económico-financieiras para o cálculo das necesidades financeiras

Onde xorden as necesidades de financiamento?

O ciclo de explotación

O ciclo financeiro

As necesidades de crecemento

Principais documentos das previsións económico-financieiras: a conta de PeG, o balance e o estado de *cash-flow*

I Sesión Mentorizaxe

3h de mentorizaxe

## ACCEDE AO FINANCIAMENTO QUE NECESITA O TEU PROXECTO!

### Fase II: Elevator Pitch

11 de outubro



09:00 a 14:00

#### Como convencer a investidores?

Simulación I

Comunicación do plan de negocio a investidores, experiencias e principais erros na presentación ante investidores

Melloras na comunicación verbal e non verbal

Reelaboración das presentacións e do discurso ante investidores

Pausa

Simulación II

Proposta de mellora

## QUE DIFERENCIA Á BIO INVESTOR ACADEMY?

O valor da experiencia

Participa!

15h  
de formación  
+  
6h  
de mentorizaxe  
(Pecharase a axenda con cada proxecto)



9:00 a 14:00

#### Sesión III: As fases do proceso de investimento

O proceso de investimento, dende o primeiro contacto ata o desinvestimento

Os documentos legais do proceso e as principais condicións do investidor:

- O acordo de confidencialidade
- A carta de intencións
- O pacto de socios
- Principais condicións do investimento
- Condicións de participación
- Condicións de goberno da sociedade
- Condicións do desinvestimento
- Condicións de garantías

II Sesión Mentorizaxe

3h de mentorizaxe

## Máis información e inscricións

✉ [julio@bioga.org](mailto:julio@bioga.org)

☎ 881 120 459

Inscríbete antes do  
**31 de xullo para participar!**  
máximo 12 proxectos participantes

Necesitas asesoramento para consolidar o teu proxecto?

Queres acceder a fondos de investimento públicos e privados?

# Participa!

**B**  **O** INVESTOR PROGRAM

Formación / Mentorizaxe / Financiamento

ORGANIZA



PROMOVIDO E FINANCIADO

